


INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Xuño 2021

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2021

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Xuño 2021


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xuño en Galicia un incremento do 22,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 21,7%.
- No Comercio incrementa a facturación o 20,0% e nos Outros servizos o 31,7%.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 3,7% e en España un 3,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran incrementos do persoal ocupado agás Canarias.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xuño en Galicia un incremento do 22,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 1,2 puntos superior á do conxunto do Estado, 21,7%.



O *Comercio*, cun crecemento do 20,0%, achega 14,4 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* incrementan a súa facturación o 31,7% e achegan 8,5 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* aumenta o 18,7% e nos *Outros servizos* o 28,7%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 25,4%, co que achega 12,4 puntos a taxa de variación do índice xeral, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta un 24,1% e o *Comercio ao retalho* un 5,0%. A nivel nacional, a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 15,2%, o *Comercio por xunto* o 25,3% e o *Comercio ao retalho* o 6,8%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 31,7%. Os sectores que amosan mellor comportamento son: *Transporte*, cun crecemento do 40,6%, co que achega 5,3 puntos, a *Hostalería*, na que aumenta a facturación un 62,0% e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* que crecen un 23,4%.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 28,7%. O maior crecemento rexístrase na *Hostalería*, 83,1%.

Na primeira metade do ano, a facturación no sector servizos crece un 20,0% en Galicia. O *Comercio* crece un 18,4% e os *Outros servizos* un 25,1%. *Comercio por xunto* e *Transporte* son

os sectores que máis repercuten no incremento do índice. En senso contrario, nos sectores de *Información e comunicacións* e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* diminúe a facturación na media dos seis meses, -0,2% e -4,6% respectivamente.

En España a facturación no sector servizos aumenta un 14,1%; no *Comercio* crece un 16,8% e nos *Outros servizos* un 8,8%. Todos os sectores rexistran taxas positivas.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 37,8% no mes de xuño.

Os sectores que máis contribúe a este incremento son o *Comercio*, o *Transporte* e a *Hostalería* (31,4 puntos entre os tres), con taxas do 18,1%, 37,4% e 75,8% respectivamente.


Nos seis primeiros meses do ano, o índice rexistra unha taxa do 20,0%. O *Transporte* amosa a taxa máis alta, 36,6%, mentres que *Información e comunicacións* rexistra unha taxa negativa, -0,5%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 22,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 37,5%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de xuño en todas as comunidades autónomas incrementan a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores crecementos rexístranse en Illes Balears (35,4%) e Madrid (27,3%). Os menores incrementos rexístranse en Murcia (7,7%) e Extremadura (13,9%).

Nos seis primeiros meses do ano, soamente Canarias rexistra unha taxa negativa (-0,6%), As taxas máis elevadas rexístranse en Galicia (20,0%) e Castilla y León (18,9%).

Índices de cifra de negocios. Xuño 2021

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 3,7% respecto ao mes de xuño de 2020, tres décimas máis que en España (3,4%).

O persoal ocupado aumenta un 1,0% no *Comercio* e un 5,9% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas. O maior incremento de emprego dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (12,3%).



En España, o persoal ocupado crece un 1,3% no *Comercio* e un 4,7% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas, rexistrándose o maior incremento de emprego nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (9,1%).

Na primeira metade do ano, a ocupación diminúe en Galicia o 0,1% e en España o 1,1%. O *Comercio* perde o 0,1% do persoal ocupado mentres que aumenta nos *Outros servizos* o 0,1%. A nivel nacional perden emprego tanto o *Comercio* como os *Outros servizos*, -0,7% e -1,3% respectivamente; a maior caída dáse na *Hostalería*, -8,5% en Galicia e -8,8% en España.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de xuño con respecto ao mesmo mes do ano 2020 agás Canarias (-1,3%). Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (5,8%), Castilla – La Mancha (5,3%) e Cantabria (5,0%).

No que vai de ano, todas as comunidades perden emprego agás Castilla – La Mancha (0,8%). As maiores caídas danse en Illes Balears (-7,5%) e Canarias (-6,6%).

Índices de persoal ocupado. Xuño 2021

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xuño 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	136,0	22,9	20,0
Comercio	134,2	20,0	18,4
Venta e reparación de vehículos de motor	115,5	24,1	39,8
Comercio por xunto	144,0	25,4	20,1
Comercio ao retalho	114,5	5,0	9,2
Outros servizos	140,7	31,7	25,1
Transporte	182,1	40,6	44,5
Hostalería	83,6	62,0	3,4
Información e comunicacións	111,7	4,2	-0,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	156,8	23,4	24,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	100,6	16,2	-4,6
España			
Xeral	126,2	21,7	14,1
Comercio	131,7	18,7	16,8
Venta e reparación de vehículos de motor	140,2	15,2	35,5
Comercio por xunto	139,7	25,3	17,4
Comercio ao retalho	113,5	6,8	10,1
Outros servizos	116,0	28,7	8,8
Transporte	118,8	31,0	11,9
Hostalería	86,7	83,1	10,6
Información e comunicacións	119,2	12,8	4,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	145,1	20,7	13,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	100,2	32,7	0,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xuño 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	142,3	37,8	20,0
Comercio	130,4	18,1	19,6
Transporte	192,2	37,4	36,6
Hostalería	92,6	75,8	7,9
Información e comunicacións	113,0	3,5	-0,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	163,8	17,7	21,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	145,7	34,8	7,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xuño 2021**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	126,2	21,7	14,1
Andalucía	122,4	18,9	12,5
Aragón	129,5	16,5	15,4
Asturias	122,9	14,1	14,0
Baleares, Illes	102,3	35,4	4,6
Canarias	92,8	24,1	-0,6
Cantabria	136,7	20,2	16,7
Castilla y León	122,0	20,3	18,9
Castilla-La Mancha	134,2	17,4	17,2
Cataluña	122,1	21,4	14,8
Comunitat Valenciana	129,8	19,1	15,9
Extremadura	135,5	13,9	12,1
GALICIA	136,0	22,9	20,0
Madrid	132,3	27,3	14,5
Murcia	134,4	7,7	6,2
Navarra	135,5	18,5	14,5
País Vasco	128,4	16,0	15,7
Rioja, La	140,5	19,0	17,0

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xuño 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	106,4	3,7	-0,1
Comercio	108,3	1,0	-0,3
Venta e reparación de vehículos de motor	98,1	1,3	-1,4
Comercio por xunto	120,7	0,9	0,9
Comercio ao retallo	103,2	1,0	-0,8
Outros servizos	104,9	5,9	0,1
Transporte	102,9	3,6	-0,1
Hostalería	92,2	3,4	-8,5
Información e comunicacións	113,2	4,6	3,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	110,7	4,6	2,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	115,8	12,3	7,4
España			
Xeral	106,3	3,4	-1,1
Comercio	105,4	1,3	-0,7
Venta e reparación de vehículos de motor	104,3	0,7	-1,6
Comercio por xunto	108,6	1,2	0,0
Comercio ao retallo	103,5	1,5	-1,0
Outros servizos	106,8	4,7	-1,3
Transporte	107,0	1,4	-0,8
Hostalería	97,2	4,2	-8,8
Información e comunicacións	112,5	3,2	1,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,8	3,4	0,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,9	9,1	3,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xuño 2021**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	106,3	3,4	-1,1
Andalucía	103,6	4,0	-1,0
Aragón	108,9	2,8	-0,7
Asturias	104,5	4,0	-0,2
Baleares, Illes	112,2	5,8	-7,5
Canarias	98,5	-1,3	-6,6
Cantabria	106,1	5,0	-1,5
Castilla y León	101,7	2,2	-1,3
Castilla-La Mancha	107,8	5,3	0,8
Cataluña	108,9	3,8	-0,8
Comunitat Valenciana	106,4	3,8	-0,5
Extremadura	105,1	2,0	-0,5
GALICIA	106,4	3,7	-0,1
Madrid	106,5	2,9	-0,5
Murcia	116,9	4,4	-0,1
Navarra	106,1	4,4	-0,6
País Vasco	103,8	2,9	-0,2
Rioja, La	106,4	2,8	-0,5

Fonte: INE